

## ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 19 DE MARZO DO 2007.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día dezanove de marzo de dous mil sete; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Francisco Xabier Carreira Sebio, Dona Manuela Iglesias Collarte, Dona Luísa del Carmen Escudero Centron e Don José Ignacio Gómez Pérez.-

Está presente o Secretario-Interventor Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

### **1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 12 de Marzo do dous mil sete (Ordinaria).

### **2.- OBRAS MAIORES.-**

Non houbo.-

### **3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.**

Vista o recurso de reposición e alegacións realizado por don **Angelino Fernández Fernández, na representación de Freixoal S.L.U.**, con domicilio na avda. de Ordoñez nº 24, baixo, Goian. 36740. Tomiño (Rexistro de Entrada núm..5106 de data 06-11-06 e 5219 de data 11-11-06) contra acordo da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 02-10-07 relativo a informe urbanístico aplicable a un inmovible sito na rúa Muñoz Calero nº 34-26-38 (Ref.. Catastral núm.. 12.34.8/15-16-17), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, tendo en conta a documentación e informes obrantes no expediente, acorda estimar as alegacións presentadas en base ao informe do técnico municipal de data 16.03.07, que literalmente di:

“As citadas parcelas están clasificadas polas Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal, publicadas nos BOP nº 239, do 16 de outubro de 1986 e nº 66, do 23 de marzo de 1987 e no D.O.G.A. de 19 de xuño de 1991, como Solo Urbano nun fondo de 50 m. dende a alineación exterior fixada respecto ó vial Muñoz Calero e como Solo Urbanizable no restante ata a alineación respecto ó vial Veronza.

Dado que a normativa de planeamento municipal, NNSPPMM, non se atopa adaptado á *Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia; modificada por la Lei 15/2004 de 29 de decembro*, é de aplicación a *Disposición transitoria primeira.- Réxime de aplicación ós municipios con planeamento non-adaptado:*

*b) Ó solo urbano dos municipios con planeamento xeral non-adaptado á Lei 1/1997, do solo de Galicia, que reúna as condicións establecidas no artigo 12.a) desta lei, aplicaráselle o disposto nesta para o solo urbano consolidado, sen prexuízo de respectar a ordenación establecida no planeamento vixente.*

*Artigo 12º.-Categorías de solo urbano.*

*Os plans xerais diferenciarán no solo urbano as seguintes categorías:*

*a) Solo urbano consolidado, integrado polos soares así como polas parcelas que, polo seu grao de urbanización efectiva e asumida polo planeamento urbanístico, poidan adquiri-la condición de soar mediante obras accesorias e de escasa entidade que poden executarse simultaneamente coas de edificación ou construción.*

*b) Solo urbano non-consolidado, integrado pola restante superficie de solo urbano e, en todo caso, polos terreos nos que sexan necesarios procesos de urbanización, reforma interior, renovación urbana ou obtención de dotacións urbanísticas con distribución equitativa de beneficios e cargas, por aqueles sobre os que o planeamento urbanístico prevexa unha ordenación substancialmente diferente da realmente existente, así como polas áreas de recente urbanización xurdida á marxe do planeamento.*

Segundo manifesta o solicitante, "non existe vial, camiño ou servizo de nova implantación que afecte directamente".

Por outro lado, segundo o informe da empresa concesionaria, Aqualia, existen os servizos urbanísticos de abastecemento de augas e de saneamento municipal suficientes; existindo, ademais subministración de enerxía eléctrica, iluminación pública e beirarrúa; cumpríndose por tanto ás condicións de soar esixidas na *Lei 1/1997, do solo de Galicia*.

*Artigo 16º.- Soares.*

*1. Terán a condición de soar as superficies de solo urbano legalmente divididas e aptas para a edificación que, en todo caso, contén con acceso por vía pública pavimentada e servizos urbanos de abastecemento de auga potable, evacuación de augas residuais á rede de saneamento, subministración de enerxía eléctrica, iluminación pública, en condicións de caudal e potencia adecuadas para os usos permitidos. Se existira planeamento, ademais do anterior deberán estar urbanizadas de acordo coas aliñacións, rasantes e normas técnicas establecidas por este.*

\* Clasificación Urbanística:

Por todo o exposto anteriormente, enténdese que os citados terreos están incluídos dentro do Solo Urbano Consolidado, na franxa de 50 m. de fondo respecto a alineación da rúa Muñoz Calero.

Dado que, aparentemente, a parcela nº 17 presenta un fondo menor a eses 50 m., enténdese da necesidade de edificación conxunta das parcelas nº 16 e nº 17, coa finalidade de salvagardar ós dereitos de aproveitamento urbanístico.

O resto dos terreos, ata a rúa Veronza, están clasificados polas NNSSPPMM dentro do Solo Urbanizable, sendo de aplicación a *Disposición transitoria primeira.- Réxime de aplicación ós municipios con planeamento non-adaptado da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia; modificada por la Lei 15/2004 de 29 de decembro:*

*d) Ao solo urbanizable dos municipios con plan xeral adaptado á Lei 1/1997, do solo de Galicia, aplicaráselle o disposto nesta Lei para o solo urbanizable delimitado; e, ao resto do solo urbanizable, apto para urbanizar ou rústico apto para o desenvolvemento urbanístico, aplicaráselle o disposto nesta Lei para o solo urbanizable non-delimitado.*

\* Calificación Urbanística:

Respecto á franxa de Solo Urbano, será de aplicación a Ordenanza RC. Residencial Cerrada, 4.1, das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipais, da que se adxunta fotocopias”.

#### **INFORME DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.-**

“Examinado o expediente promovido por **dona Alicia Rodríguez Raña**, con domicilio na estrada do Carballiño núm. 60, baixo, San Cristovo, deste término municipal, en virtude da instancia nº2563 de data 30 de maio de 2006, solicitando licenza para a apertura dunha perruqueria no inmoible sito na estrada do Carballiño nº 60, baixo, San Cristovo, deste termo municipal, actividade comprendida no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas, aprobado polo Decreto 2.414/1961 do 30 de Novembro.- RESULTANDO: que se cumpriron tódolos trámites de información pública así coma notificacións persoais aos veciños inmediatos incorporando os informes da Delegación Provincial de Sanidade e os informes técnicos municipais.- CONSIDERANDO: que o proxecto técnico en canto a súa posible repercusión sobre a sanidade ambiental e as medidas correctoras necesarias para garantir a tranquilidade, salubridade e seguridade cidadá e a súa adecuación ao medio ambiente, suxeitarase ao informe que emita a Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente.- CONSIDERANDO: que o emprazamento proposto é conforme co uso urbanístico asignado a zona.- Visto o Decreto nº 2.414/1961 do 30 de Novembro e demais disposicións concordantes de aplicación, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda: 1º.- Informar favorablemente a concesión da licenza instada por dona Alicia Rodríguez Raña, para a apertura dunha perruqueria nun inmoible sito estrada do Carballiño nº 60, baixo, San Cristovo, deste termo municipal, xa que no expediente observáronse tódalas prescricións que establece o devandito Regulamento e disposicións complementarias.- 2º.- Dar traslado do expediente completo á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, aos efectos previstos no artigo 33 do referido Regulamento en relación coa cualificación da actividade.”

#### **TRAMITACION DE EXPEDIENTE EN SOLO RUSTICO.-**

En relación ó expediente de autorización en Solo Rústico e conforme ó trámite regulado polo artigo 41.2.b da Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, sobre o réxime de autorizacións en solo rústico, para a construción dunha vivenda adicada a uso residencial vinculada a explotación agrícola, no lugar denominado “Macendo”, San Cristovo, deste municipio, promovido por Don Javier Iglesias Sendin, a Xunta de Goberno Local, unha vez concluído o período de exposición o público, por unanimidade, acorda, remiti-lo devandito expediente a Dirección Xeral de Urbanismo, ós efectos do artigo 41 da Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

#### **TROCO DE VEHICULO DE AUTOTAXI**

Habéndose advertido un erro no acordo da Xunta de Goberno Local de data 12 de marzo pasado, a Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda correxilo quedando o mesmo do seguinte xeito: “Visto o escrito de **Don Manuel Taboada Lois**, con domicilio na rúa San Martin núm. 18, desta Vila, no que prega o troco do vehículo matrícula OU-2712-W, adscrito á licenza de autotaxi nº 9, por outro novo (Volkswagen Passat 2.0. T.D.I), matrícula 3362FLG, a Xunta de Goberno Local, tendo en conta que neste Concello non hai modelo homologado desta clase de vehículos, accede ó cambio interesado, polo cal, a partir de agora, a licenza nº9 de autotaxi, desenvolverase co vehículo matrícula 3362FLG, causando baixa a tódolos efectos, o vehículo matrícula OU-2712-W; polo interesado deberán cumprirse tódalas dispoicións contidas nos Regulamentos Nacionais e Municipais e mesmo comprometerse a desenvolver-lo traballo da praza de taxi de xeito persoal”.

#### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, toma coñecemento dos seguintes:

-“ Resolución do Director Xeral de Formación e Colocación polo que se resolve a solicitude de homologación de especialidades de formación ocupacional (AXUDANTE TECNICO DE PROTECCION CIVIL).

-“Da Deputación Provincial de Ourense, comunicando altas no servizo de teleasistencia domiciliaria”.

-“ Da Consellería de Vivenda e Solo, Convenio de Colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Ribadavia en materia de actuacións na área de rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia”.

#### **5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-**

##### **APROBACION DE PROXECTO.-**

A Xunta de Goberno por unanimidade, presta aprobación o proxecto denominado “Acondicionamento da praza do Cruceiriño Fase II, redactado polo Enxeñeiro Técnico Agrícola Don Eladio Fernández Jañez, cun orzamento de execución por contrata de 120.116,38 euros.”

##### **OBRA ACONDICIONAMENTO DA PRAZA DO CRUCEIRIÑO-FRANCELOS FASE II.-**

“Ante notificación efectuada pola Consellería do Medio Rural, de realizar con cargo os seus orzamentos as obras de infraestrutura rural consistentes no Acondicionamento da Praza do Cruceiriño-Francelos Fase II, a Xunta de Goberno Local,

por unanimidade, manifesta a súa aceptación a execución da mesma en réxime de cooperación e comprométese o seguinte:

- a) Poñer a disposición da Consellería de Medio Rural, libre de cargas e gravámenes todos os terreos necesarios para a normal execución das obras, así como os correspondentes permisos e autorizacións necesarias para levar adiante a mesma.
- b) Renunciar a calquera clase de tributo ou taxa por mor das obras.
- c) Continuar asumindo, despois da recepción das obras e previa comunicación do órgano da Comunidade Autónoma, a súa explotación, mantemento e conservación.
- d) Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para a sinatura do correspondente Convenio de Cooperación.”

#### **APROBACION DE MEMORIA DE ACTUACIONES DO 7º PROGRAMA DE REHABILITACION INTEGRAL.**

A Xunta de Goberno, por unanimidade, presta aprobación o 7º Programa de Rehabilitación Integral. Actuacións ano 2006. Casco Histórico de Ribadavia, redactado polas arquitectas da Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia. Así mesmo acordase remitir o presente acordo e unha copia da Memoria de Actuacións a Dirección Xeral de Fomento e Calidade da Vivenda da Xunta de Galicia.

#### **AXUDAS ALUGUERES 2006.-**

Habéndose advertido un erro no acordo da Xunta de Goberno Local de data 12 de marzo pasado, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda correxilo, quedando o acordo do seguinte xeito: “En relación coas subvencións e axudas a mozos menores de 35 anos para aluguer de vivendas no Casco Histórico, a Xunta de Goberno Local, vista a solicitude e documentación obrante no expediente, por unanimidade, acorda conceder a seguinte subvención correspondente ao ano 2006:

Don Felipe Gómez Espiñeira, con domicilio na rúa Yañez nº 34, 3º, desta vila, por importe de 60 euros.”

#### **6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as dúas e cuarto do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

